

Publicadas no DOG dúas ordes para mellorar a empregabilidade da mocidade cun orzamento de 4,2 millóns e 1.600 beneficiarios



- ▶ A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, ofreceu unha rolda de prensa para informar sobre estas medidas incluídas entre as 19 que compoñen o Plan de emprego xuvenil.

Santiago, 24 de abril de 2014.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica dúas ordes de emprego para regular dúas das actuacións máis novidosas do Plan de emprego xuvenil: as accións formativas dirixidas a desempregados menores de 30 anos con baixa cualificación e as bolsas para que mozos cualificados menores de 25 anos poidan realizar prácticas en empresas, cun orzamento de máis de 4,2 millóns de euros e que terán máis de 1.600 beneficiarios.

Galicia recibirá preto de 100 millóns de euros do Estado para políticas activas de emprego

- ▶ Galicia é a segunda comunidade autónoma que máis cartos recibe por cada parado e é tamén a segunda autonomía con maior número de medidas no seu plan anual de políticas de emprego.

Aberto o prazo para solicitar o cheque infantil co que Benestar financiará este ano unhas 1.100 prazas de 0-3 anos

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica esta liña de axudas que permitirá ás familias contar cunha subvención para acudir a calquera escola infantil privada que escollan
- ▶ A contía que percibirán os usuarios por cada praza de xornada completa oscilará entre os 45 euros mensuais das rendas máis altas e os 250 euros para as rendas máis baixas.

Benestar convoca preto de 600 prazas para estadias en balnearios dirixidas ás persoas maiores de Galicia

- ▶ Esta iniciativa facilita ás persoas con menos recursos a posibilidade de gozar duns días de tratamento termal en balnearios de Galicia.



Informe do paro rexistrado

Galicia rexistra a maior baixada mensual do paro dun mes de abril desde 1996, con 6.319 desempregados menos

- ▶ A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, valorou que, grazas á contención na destrución de emprego, este mes hai 20.315 parados menos que en abril do ano pasado.

Sumario	Traballo e economía social	2-3	Xuventude e voluntariado	10-12
	Emprego e formación	4-7	Publicacións	13
	Informe do paro rexistrado	7	Normativa DOG e CCAA	14-20
	Política social	8-9	Normativa BOE e UE	20-22

Créditos	Edita: Consellería de Trabajo e Benestar
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación: Pepa Dabán Royo
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces
	ISSN: 2254-7835



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE E A SAÚDE NO TRABALLO

http://www.ilo.org/safework/info/publications/WCMS_235105/lang--en/index.htm

O día 28 conmemórase o Día mundial da seguridade e saúde no traballo. Para este ano, a Organización Internacional do Traballo (OIT) escolleu como lema “A seguridade e a saúde no uso de produtos químicos no traballo”, pois a súa produción e o seu uso presentan un dos retos máis destacables á hora de protexer o lugar de traballo.


Ante este reto, é necesario unha resposta global para afrontar o aumento da produción dos produtos químicos, os diversos cambios na organización do traballo e os adiantos tecnolóxicos. Débese confeccionar, polo tanto, un enfoque uniforme que garanta a seguridade e a saúde na utilización dos produtos químicos.

Seguindo esta liña de traballo, a Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), iniciou no ano 2011, coa actual Estratexia en prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014, un ambicioso proxecto neste eido –que tivo como base o Mapa de risco químico- e que permitiu coñecer os riscos xerados pola utilización deste tipo de produtos en empresas seleccionadas, clasificadas por sectores e subsectores de actividade. Este traballo continuará este ano cun conxunto de accións de información e de asesoramento sectorial nos distintos centros de traballo. Hai que destacar que para todas estas actuacións, se está a contar coa implicación necesaria e fundamental dos axentes sociais. Ademais desta colaboración con empresas e representantes dos traballadores, o Goberno galego está a avanzar tamén na mellora da coordinación das distintas unidades directivas laborais e sanitarias competentes nesta materia.

Desde a Xunta seguirase traballando para garantir o cumprimento do dereito das persoas traballadoras á seguridade e saúde no desenvolvemento da súa actividade laboral, impulsando políticas activas de prevención sobre os riscos laborais e desenvolvendo plans de xestión da saúde laboral destinados non só a diminuír a sinistralidade, senón tamén a favorecer unhas adecuadas condicións de traballo que consigan crear unha contorna laboral segura e saudable.

Os esforzos e o traballo desenvolvido ata o de agora lograron reducir os índices de sinistralidade nestes últimos anos, grazas ás liñas de traballo recollidas na Estratexia que remata a finais deste exercicio, e que foron consensuadas no marco do diálogo social. Este compromiso, compartido cos interlocutores sociais, será tamén a base do novo plan estratéxico. Esta folia de ruta seguirá tendo como obxectivo principal reducir ao mínimo as situacións de risco e, polo tanto, os accidentes laborais e as enfermidades profesionais, facendo especial fincapé na integración da prevención na actividade diaria das empresas e na concienciación e sensibilización de toda a sociedade.

Nesta data especialmente, pero tamén ao longo de todo o ano, non debe esquecerse que a prevención é sempre rendible, aínda máis en tempos de dificultade, e permite avanzar cara a maiores cotas sociais de xustiza e benestar.



<http://www.ilo.org/global/lang-es/index.htm>



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 1 DE MAIO DÍA INTERNACIONAL DO TRABALLO

Neste Día Internacional do Traballo, o Goberno Galego quere manifestar novamente o seu compromiso e sensibilidade cos dereitos da persoas traballadoras e, en especial, con aquelas que máis están a sufrir os efectos da situación actual. Por isto, a pesar de que se están dando manifestacións incipientes de cambio de tendencia, desde a Xunta de Galicia non desistiremos en apostar para que o futuro da nosa comunidade pase por proporcionar unhas condicións de vida dignas á totalidade da cidadanía, con garantía do dereito ao traballo; así como por procurar un cambio na situación que padece a poboación, particularmente no caso dos máis desfavorecidos, como son as persoas que perderon os seus postos de traballo.

Conscientes, polo tanto, desta situación dende a Xunta de Galicia estamos a poñer en práctica todo aquilo que está ao noso alcance para que esta realidade mude, utilizando todas as ferramentas necesarias (políticas, financeiras, normativas, de participación institucional, etc.) para encontrar solucións que nos posibiliten contar cuns sectores produtivos fortes, cunhas empresas máis fortalecidas e sustentables, así como cunhas relacións laborais nas que primen a estabilidade e a seguridade no traballo, a conciliación e a igualdade laboral.

O 1º de maio é, polo tanto, un día especialmente significativo no mundo do traballo e sérvenos para reafirmarnos, unha vez máis, na nosa vontade de apoiar a todas aquelas persoas traballadoras para que gocen dunhas boas e seguras condicións laborais. Centrarémos nos moi especialmente en axudar aquelas que están a busca dun posto de traballo, e para isto contamos con plans e políticas que se dirixen a corrixir esta situación, facendo especial fincapé nos colectivos identificados como prioritarios, como son as mulleres e a nosa xuventude. Para estes último, contamos cun Plan de Emprego Xuvenil, que ten deseñadas actuacións específicas para os mozos e as mozas.

A Xunta de Galicia non debe actuar soa senón que, sen dúbida, acertará mellor se o fai mediante o consenso e o diálogo permanente cos sindicatos e empresarios/as, xa que mediante a concertación lograremos acadar mellores solucións para conseguir unha sociedade onde o emprego e as relacións laborais sexan consistentes.

Esta é folia de ruta coa que conta o Goberno galego nas súas políticas no eido laboral, que, estamos seguros, resultarán positivas en termos de creación de emprego xa que este é a mellor garantía para o benestar da nosa sociedade.

Traballo afirma que incorporar aspectos ambientais e sociais á estratexia empresarial incrementa o acceso ao investimento responsable

- ▶ O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, participou na apertura da xornada 'Investimento responsable, unha garantía de futuro'.
- ▶ Martiñá indicou que o departamento autonómico está a realizar un importante esforzo en dar a coñecer e facilitar a integración de políticas de responsabilidade social no tecido empresarial galego coa posta en marcha de diversos proxectos neste sentido.
- ▶ Nesta xornada explicase que as entidades financiadoras entenden que nas súas análises deben incluír non só cuestións financeiras sobre risco e rendibilidade, senón tamén información sobre o desenvolvemento de cuestións de aspectos ambientais, sociais e de goberno corporativo (ASG).

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2014.- O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, destacou hoxe que a incorporación á Estratexia empresarial de aspectos ambientais, sociais e de goberno corporativo (ASG) non só supón obter potenciais beneficios en materia de redución de custos e materialización de aforros e reputación, senón tamén incrementar as oportunidades de acceso a un novo marco de financiamento: o investimento responsable.

Odilo Martiñá participou na apertura da xornada 'Investimento responsable, unha garantía de futuro' e, na súa intervención, indicou que o departamento autonómico está a realizar un importante esforzo en dar a coñecer e facilitar a integración de políticas de responsabilidade social no tecido empresarial galego coa posta en marcha de diversos proxectos neste sentido.

Nesta xornada explicase que as entidades financiadoras entenden que nas súas análises

deben incluír non só cuestións financeiras sobre risco e rendibilidade, senón tamén información sobre o desenvolvemento de cuestións ASG, o que supón un incremento de oportunidades para o tecido empresarial galego.

Por último, Martiñá engadiu que dentro deste programa editouse unha guía básica sobre integración de criterios ASG na

estratexia empresarial e o acceso ao investimento responsable. Esta guía estará dispoñible en galego e en castelán na web www.inversionresponsable.org. Destínase a facilitar en termos concisos e comprensibles a integración destes criterios cun enfoque asociado á toma de decisións do investidor e á creación de valor nas empresas.

<http://inversionresponsable.org/>



Emprego e formación

Publicadas no DOG dúas ordes para mellorar a empregabilidade da mocidade cun orzamento de 4,2 millóns e 1.600 beneficiarios

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, ofreceu unha rolda de prensa para informar sobre estas medidas incluídas entre as 19 que compoñen o Plan de emprego xuvenil
- ▶ Na súa intervención incidíu en que é a primeira vez que se aproban ordes destas características na Comunidade
- ▶ A primeira das dúas ordes está dirixida á formación para mozos desempregados (menores de 30 anos) con baixa cualificación
- ▶ Para financiar estes cursos só en 2014 investiranse 2,3 millóns de euros e beneficiarase a 1.125 alumnos
- ▶ A segunda das ordes vai dirixida a mozos e mozas de entre 18 e 25 anos que teñan unha titulación universitaria, un ciclo de grao medio o superior, ou un certificado de profesionalidade
- ▶ Destinaranse 1,9 millóns de euros para financiar prácticas non laborais en empresas para 500 destes mozos, tanto no presente ano como en 2015.



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, explicou en rolda de prensa dúas liñas de axudas para mozos e mozas desempregados

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2014.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica dúas ordes de emprego para regular dúas das actuacións máis novidas do Plan de emprego xuvenil: as accións formativas dirixidas a desempregados menores de 30 anos con baixa cualificación e as bolsas para que mozos cualificados menores de 25 anos poidan realizar prácticas en empresas, cun orzamento de máis de 4,2 millóns de euros e que terán máis de 1.600 beneficiarios.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, ofreceu unha rolda de prensa para informar sobre estas medidas incluídas entre as 19 que compoñen o Plan de emprego xuvenil, unha estratexia que a Xunta de Galicia ten posto en marcha de forma coordinada e pioneira, e que conta cun orzamento de preto de 100 millóns de euros para os anos 2014 e 2015. Na súa intervención incidíu en que é a primeira vez que se aproban ordes destas características na Comunidade.

A primeira das dúas ordes está dirixida á formación para mozos desempregados (menores de 30 anos) con baixa cualificación. Para financiar estes cursos só en 2014 investiranse 2,3 millóns de euros e beneficiarase a 1.125 alumnos, entre os que terán preferencia os alumnos que xa superaran algún módulo dun certificado de profesionalidade ou obtiveran

acreditacións parciais, as persoas que estean seguindo un itinerario personalizado de inserción; as mulleres, especialmente as que foran vítimas de violencia de xénero; as persoas con discapacidade; os desempregados de longa duración; e as persoas en risco de exclusión social.

Beatriz Mato explicou que, dos máis de 44.000 menores de 30 anos que actualmente están en situación de desemprego, o 60% teñen unha cualificación moi baixa ou directamente non teñen ningunha. Por iso, fíxose da formación o eixe principal do Plan de emprego xuvenil, que engloba o 75% do investimento total.

Neste sentido, aclarou que o departamento autonómico aposta “firmemente” por unha formación de calidade, que estea vinculada á obtención dun certificado de profesionalidade que acredite a preparación dos traballadores e mellore significativamente os seus currículos.

En Galicia pasouse de certificar arredor do 58% dos cursos financiados pola Consellería en 2012, a facelo con preto do 100% no pasado ano, ao igual que ocorrerá este ano. Grazas a esta aposta, desde 2009 máis de 36.000 traballadores e traballadoras obtiveron un certificado de profesionalidade na Comunidade, o que a coloca á cabeza de todas as Autonomías en formación certificada.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140428/AnuncioCA05-220414-0003_gl.pdf



http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140428/AnuncioCA05-220414-0002_gl.pdf



Financiamento de prácticas non laborais

A segunda das ordes vai dirixida a mozos e mozas de entre 18 e 25 anos que teñan unha titulación universitaria, un ciclo de grao medio ou superior, ou un certificado de profesionalidade. Destinaranse 1,9 millóns de euros para financiar prácticas non laborais en empresas para 500 destes mozos, tanto no presente ano como en 2015. As prácticas terán unha duración de entre seis e nove meses, e poderán solicitarse ata o 15 de novembro deste ano.

A responsable de Traballo indicou que, na posta en marcha desta medida, “se tivo moi en conta que as prácticas en empresas adoitan ser unha boa porta de entrada ao mercado laboral para os mozos”. De feito, o propósito das bolsas é impulsar o seu acceso ao mercado laboral, ao tempo que se mellora o seu currículo.

Para acadar ese obxectivo, a Consellería vai subvencionar estas bolsas coa contía correspondente ao 75% do IPREM diario por cada unha das persoas que realice as prácticas. Tendo en conta que o IPREM diario é actualmente 17,75 euros, a subvención será de 13,35 euros diarios. É dicir, 400 euros ao mes.

Pola súa banda, os mozos percibirán das empresas por estas prácticas as seguintes contías: Se as prácticas teñen unha duración de catro horas diarias, o 80% do IPREM mensual. É dicir, 426 euros. No caso de que superen as catro horas diarias, o 100% do IPREM mensual, o cal equivale a 532,5 euros.

Por último, Beatriz Mato explicou que estas dúas novas ordes “supoñen unha nova proba do noso compromiso coa mellora da empregabilidade da mocidade galega”. Para conseguilo púxose en marcha “un plan pioneiro, no que por primeira vez en Galicia tres consellerías (Traballo, Educación e Economía) traballan de xeito coordinado e transversal para facerlle fronte ao desemprego xuvenil”.

Galicia recibirá preto de 100 millóns de euros do Estado para políticas activas de emprego

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou en Madrid na LVIII Conferencia sectorial de emprego e asuntos sociais
- ▶ O Goberno central tivo en conta o cumprimento de obxectivos na repartición, de xeito que Galicia, que acadou un resultado positivo nestes parámetros, recibiu un 0,3 por cento máis do que tería recibido se se tratase dunha distribución lineal
- ▶ Galicia é a segunda comunidade autónoma que máis cartos recibe por cada parado e é tamén a segunda autonomía con maior número de medidas no seu plan anual de políticas de emprego.

Madrid, 23 de abril de 2014.-

Galicia recibirá preto de 100 millóns de euros por parte do Estado para o financiamento das políticas activas de emprego. Deste xeito, Galicia segue sendo a segunda comunidade autónoma que máis cartos recibe por cada parado.

Así o anunciou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, tras a súa participación en Madrid na LVIII Conferencia sectorial de emprego e asuntos sociais.

A titular do departamento autonómico salientou que nesta distribución de fondos se tivo en conta o cumprimento de obxectivos das políticas de emprego por parte das comunidades autónomas. Estes criterios computáronse na parte variable da repartición (40

por cento), mentres que o 60 por cento restante corresponde a unha contía fixa. Con todo, a porcentaxe de carácter variable irá medrando do 40 ao 60 por cento no próximo exercicio, o que o Goberno galego valora positivamente dado que favorece a eficacia na execución.

Grazas a que Galicia cumpriu de forma positiva cos obxectivos, a comunidade vai recibir este ano un 0,3 por cento máis de fondos que o que tería recibido se a repartición fose lineal. De feito, Mato considerou “moi positivo” que se valore o “traballo ben feito” e a efectividade á hora de desenvolver estas políticas.

Nesta mesma liña da efectividade na execución das políticas de emprego, Mato destacou que Galicia recibirá o 30 por cento do

total dos fondos estatais para o recoñecemento da experiencia profesional, unha materia na que o Goberno galego ten sido pioneiro.

Por outra parte, a conselleira sinalou tamén que Galicia se sitúa á cabeza das autonomías no número de servizos e programas incluídos no Plan anual de políticas de emprego (PAPE), cun total de 67, o que a converte na segunda autonomía con maior número de medidas. Deste total de actuacións, 27 son comúns a todas as autonomías e 40 son propias de Galicia.

Xa por último, a titular do departamento autonómico valorou que nesta conferencia sectorial se iniciase o debate sobre a posible posta en marcha dunha carteira común de servizos para definir e mellorar as prestacións dos distintos servizos públicos de emprego do territorio estatal, unha liña na que Galicia xa está avanzando. Así, recordou que a primeira carteira de servizos de emprego da Comunidade Autónoma xa se está ultimando, e que conta ademais co acordo cos axentes sociais.

https://www.youtube.com/watch?v=9VAtwRBwA9I&feature=youtu_gdata



Emprego e formación

A aplicación 'Mobem' para facer xestións co Servizo Público de Emprego desde o móbil incorpora un sistema de notificación

- ▶ A Xunta vén de actualizar esta ferramenta cunha nova versión, que inclúe parte das achegas dos usuarios
- ▶ Os cidadáns poden desde agora recibir nos seus móbiles unha notificación cada vez que teña lugar un evento do seu interese
- ▶ A aplicación vén de recibir o premio 'TIC nos Servizos Públicos de Emprego 2014' da Fundación Socinfo
- ▶ Desde a súa posta en marcha o ano pasado, Mobem xa tivo máis de 10.000 descargas e a través da aplicación xa se realizaron máis de 3.600 renovacións da demanda de emprego e se comunicaron 1.200 citas de orientación, entre outras actuacións
- ▶ Os galegos poden consultar en tempo real se se atopan seleccionados para unha oferta laboral ou para un curso de formación

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2014- A Xunta de Galicia vén de actualizar a aplicación "Mobem", que permite realizar aos galegos e galegas xestións co Servizo Público de Emprego desde o móbil. Desde agora esta ferramenta recolle as achegas dos usuarios e, deste xeito, incorpora un sistema de notificacións, polo que os cidadáns poderán recibir nas súas terminais unha notificación cada vez que ocorra un evento que poida ser do seu interese. A nova versión de Mobem estará dispoñible tanto para as

plataformas Android, como para iOS, RIM e Windows Phone.

Esta aplicación vén de recibir, ademais, o premio 'TIC nos Servizos Públicos de Emprego 2014' da Fundación Socinfo e a revista Sociedade da Información. A Xunta recolleu este galardón.

Desde a súa posta en marcha en xullo do ano pasado, esta aplicación pioneira en Galicia xa tivo máis de 10.000 descargas. Ata o de agora, ademais, xa se realizaron máis de 3.600 renovacións da demanda de emprego, comunicáronse 1.200 citas de orientación, máis de 300 comunicacións

de cursos de formación e preto de 9.700 comunicacións para dispoñibilidade de ofertas. En total, rexistráronse desde a súa posta en marcha máis de 49.100 accesos.

"Mobem" é a primeira aplicación de Galicia que permite á cidadanía facer diferentes xestións co Servizo Público de Emprego grazas á iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar e á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

En concreto, ofrece aos cidadáns diferentes vantaxes como é a posibilidade de que poidan renovar a súa demanda de emprego desde móbil. Ademais, e, entre outras actuacións, os galegos poden consultar en tempo real se son convocados a unha cita para a orientación laboral; se foron seleccionados para participar nun curso de formación; ou se, por exemplo, se atopan entre os candidatos dunha oferta laboral.

"Mobem" está dispoñible para sistemas operativos iOS (equipos Apple), Android, RIM (Blackberry) e WindowsPhone.

Isto quere dicir que é posible descargar esta aplicación nas "tendas" oficiais de Google Play, iTunes, e tamén en Blackberry Word e WindowsMarket. O acceso a "Mobem" realízase empregando o mesmo usuario e contrasinal que no portal de emprego. No caso de non dispor de usuario e contrasinal ou telo esquecido, os cidadáns poden dirixirse á súa oficina de emprego que lle remitan estes ao seu correo electrónico.

Esta actuación forma parte do Plan integral de modernización do SPEG que a Consellería de Traballo e Benestar está a realizar desde o 2009 e que supuxo na pasada lexislatura un investimento de 24 millóns. Mobem tamén se enmarca no Plan de modernización da Administración autonómica, que desenvolve a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, para achegar os servizos públicos aos cidadáns e acadar unha verdadeira Administración electrónica aberta as 24 horas do día os 365 días do ano.

http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/oficinaVirtual/oficina_virtual_movil/?idioma=es



SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Estamos en: Inicio > Oficina virtual de Empleo > Oficina virtual móvil (MOBEM)

Información General

Oficina virtual de Empleo

- Carta de Servicios
- Ayuda de acceso
- Entra en la oficina virtual de Empleo
- Oficina virtual móvil (MOBEM)

Demanda de empleo

Ofertas de empleo

Noticias

Ayuda: Introducción



Android



BlackBerry



iOS



Windows Phone

CAMBIO DE CERTIFICADO DE LA FNMT POR EL DE VERISIGN

Debido a los problemas, ajenos a MOBEM, surgidos con el certificado de la FNMT en las últimas versiones de las distintas plataformas, tanto para el uso como para la instalación de la aplicación, se ha cambiado el certificado de la FNMT por el de VeriSign. Este nuevo certificado está incluido en todas las plataformas y no será necesaria ninguna instalación por parte del usuario.

MOBEM es una aplicación informática nativa para cada una de las plataformas móviles más usadas en la actualidad (Android, iOS, BlackBerry OS, Windows Phone), que tiene por objetivo ampliar las formas de acceso a los servicios ofrecidos por el Servicio Público de Empleo de Galicia (SPEG) a los demandantes de empleo.

Las funcionalidades que cubre la aplicación son:

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistra a maior baixada mensual do paro dun mes de abril desde 1996, con 6.319 desempregados menos

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2014.- Galicia pechou o mes de abril cunha baixada de 6.319 desempregados, un 2,29 por cento, segundo os datos do paro rexistrado. Esta evolución mensual é a mellor dun mes de abril desde a que se rexistrou no ano 1996. Ademais, esta minoración é case nove veces superior á que se rexistrou no mesmo mes do ano pasado.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, valorou —nunha visita ao obradoiro de emprego de Cambre— esta baixada de desemprego, que tamén se reflicte en termos interanuais, con 20.315 parados menos (-6,99 por cento), o que sitúa a Galicia como a sexta comunidade autónoma na que

máis descendeu o paro entre abril do ano pasado e o mesmo mes deste exercicio.

Este mes a comunidade autónoma rexistrou a sexta minoración interanual consecutiva do paro, unha tendencia que comezou en novembro de 2013. Trátase, ademais, do maior descenso interanual de todos, cun -6,99 por cento.

Así, Galicia remata abril con 7.500 parados menos dos que había a finais de abril de 2012, isto é, "vólvese a niveis de paro de hai dous anos", sinalou, o que confirma a contención progresiva na destrución de emprego.


A análise por sectores reflicte que o maior descenso produciuse no sector dos servizos

(-4.140), seguido pola construción (-1.227), a industria (-477) e a agricultura e a pesca (-246).

Por provincias, o paro baixou en todas elas. A maior diminución corresponde á de Pontevedra (-2.566), seguida pola Coruña (-2.077); Lugo (-842), e Ourense (-834).

En canto aos contratos, en Galicia rexistráronse no mes de abril un total de 57.854 contratos, 6.799 contratos máis que no mes anterior; deste total, 5.678 foron indefinidos (9,81%) e 52.176 temporais (90,19%).

No Estado, o paro descendeu en abril nun 2,33 por cento, con 111.565 persoas desempregadas menos, de xeito que o número de desempregados sitúase en 4.684.301 persoas.



Política social

Benestar convoca preto de 600 prazas para estadias en balnearios dirixidas ás persoas maiores de Galicia

- ▶ O prazo de presentación de solicitudes rematará o próximo 10 de maio e os interesados xa poden acceder á información e ao modelo de solicitude na web <http://traballoebenefestar.xunta.es>
- ▶ Esta iniciativa facilita ás persoas con menos recursos a posibilidade de disfrutar duns días de tratamento termal en balnearios de Galicia
- ▶ A duración de cada estadia é de dez días (nove noites).

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar vén de convocar unha nova edición do programa "Benestar en balnearios" co que se pretende contribuir ao mantemento da autonomía das persoas maiores, facilitándolles a posibilidade de gozar duns días de descanso, convivencia e tratamento termal, ocupando o seu tempo libre dun xeito activo e positivo.

Nesta ocasión convócanse preto de 600 prazas repartidas por toda Galicia. En concreto, nos balnearios de Acuña en Caldas de Reis (Pontevedra); Arnoia en Ourense; Augas Santas en Ferreira de Pantón (Lugo); Baños de Brea en Vila de Cruces (Pontevedra); Baños de Molgas en Ourense; Caldas de Tui en Tui (Pontevedra); O Carballiño (Ourense); Carballo (A Coruña); Cuntis (Pontevedra); Laias en Cenlle (Ourense); Lobios (Ourense); Río Pambre en Palas de Rei (Lugo); e Termas Romanas de Lugo.

<http://traballoebenefestar.xunta.es>

O prazo de presentación de solicitudes rematará o próximo 10 de maio e os interesados xa poden acceder á información e ao modelo de solicitude na web da Consellería <http://traballoebenefestar.xunta.es>.

Esta iniciativa facilita ás persoas con menos recursos a posibilidade de gozar duns días de tratamento termal en balnearios emprazados en Galicia. A duración da estadia é de dez días (nove noites).

Inclúe a estadia en habitacións compartidas, en réxime de pensión completa en balnearios, hoteis ou residencias; tratamento termal, segundo prescrición facultativa; e actividades de animación sociocultural.

Para participar nesta iniciativa é necesario ter máis de 65 anos ou 60 reunindo a condición de pensionista, residir en Galicia, valerse por si mesmo, non padecer enfermidade infecto-contaxiosa nin trastornos mentais ou de conduta.



As solicitudes poderanse presentar nas xefaturas territoriais e nos centros sociocomunitarios. No caso de que dúas persoas queiran acudir xuntas ao mesmo

destino e quenda deberán presentar unha única solicitude para a súa baremación conxunta, acompañada da documentación que nela se indica.



Aberto o prazo para solicitar o cheque infantil co que Benestar financiará este ano unhas 1.100 prazas de 0-3 anos

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica esta liña de axudas que permitirá ás familias contar cunha subvención para acudir a calquera escola infantil privada que escollan
- ▶ Este ano a orde do curso 2014/15 contará cun orzamento de 1,8 millóns de euros, superior en 400.000 euros ao do ano pasado
- ▶ A contía que percibirán os usuarios por cada praza de xornada completa oscilará entre os 45 euros mensuais das rendas máis altas e os 250 euros para as rendas máis baixas
- ▶ Este ano vanse manter os prazos de presentación de solicitudes cos do ano pasado, co obxectivo de que as resolucións estean listas no mes de xullo.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar abre o prazo para solicitar o cheque infantil co que se prevé financiar este ano unhas 1.100 prazas de 0-3 anos en escolas infantís privadas destinadas a aquelas persoas que non resultasen adxudicatarias dunha praza pública, ou ben para aquelas familias que residen nunha localidade na que non existen instalacións sostidas con fondos públicos. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica esta orde de axudas que está dotada para o curso 2014-2015 cun orzamento de 1,8 millóns de euros, 400.000 euros máis que o exercicio pasado.

A contía que percibirán varía en función da renda, e oscila entre os 45 euros mensuais e os 250 euros no caso da xornada completa con comedor. Por esta razón, o número total

de beneficiarios pode variar en función de cal sexa a renda das familias que soliciten cada ano estas axudas.

Unha vez concedida, só se pode variar o tipo de servizo solicitado polas seguintes circunstancias, sempre que sexan xustificadas: pasar a situación de desemprego ou outros motivos laborais; enfermidade grave dos pais, nais ou representantes legais; ou situación de nulidade, separación ou divorcio.

Consolidación

Esta convocatoria de axudas consolida o cambio iniciado na orde publicada en 2012. Desde ese curso os pais e nais poden elixir sen restricións o centro no que matriculan os seus fillos, xa que son agora as familias as que perciben directamente esta contía a través dun bono mensual. Anteriormente os beneficiarios

só podían acceder a unha praza nalgunha das instalacións adscritas a este programa, posto que eran as propias escolas as que recibían a subvención. Esta nova forma de aboamento da axuda permite ás familias conseguir unha maior flexibilidade ao poder escoller calquera centro, sempre que estea autorizado.

No acceso ás axudas, seguirán tendo prioridade aqueles nenos e nenas que xa tivesen concedida a axuda no curso pasado, de xeito que se poida dar continuidade á súa escolarización, se seguen cumprindo os requisitos da orde.

Con respecto aos novos solicitantes, mantéñense os criterios da orde de cursos pasados: poderán pedir a axuda aquelas persoas con nenos e nenas de 0 a 3 anos que tiñan solicitado praza pública e non resultasen

adxudicatarios, sempre e cando exercesen a opción polo cheque infantil cando a solicitaron. Tamén terán dereito a esta subvención aquelas persoas que residan en localidades onde non existan escolas infantís de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos.

Na orde enténdese como prazas sostidas con fondos públicos aquelas dependentes directamente da rede da Xunta, das corporacións locais ou ben aquelas de iniciativa social que son subvencionadas polo Goberno galego.

Este ano, vanse manter os mesmos prazos de presentación de solicitudes que os do ano pasado, co obxectivo de que se consoliden esas datas para que as familias poidan ter unha previsión dos prazos anuais da convocatoria e de que as resolucións estean listas no mes de xullo.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140425/AnuncioCA05-210414-0001_gl.pdf



3,7 millóns de euros para apoiar ás entidades de iniciativa social

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar destinará este ano ás entidades de iniciativa social un total de 3,7 millóns de euros. A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, presentou as novidades desta orde de

axudas que saíu publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) o mércores pasado e que está dirixida ás entidades de iniciativa social que traballan a favor dos colectivos máis desfavorecidos. Polo tanto, o prazo de inscrición para presentar as solicitudes xa está aberto.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140430/AnuncioCA05-250414-0010_gl.pdf



Xuventude e voluntariado

A Xunta aproba o Plan de xuventude 2014-2016, dotado con máis de 340 millóns de investimento, que beneficiará a 450.000 mozos e priorizará a educación e o emprego

- ▶ "Actualizamos a estratexia para seguir apoiando os mozos, para que os mozos galegos teñan mellor educación, teñan máis posibilidades de emprego, paguen menos impostos e teñan máis oportunidades na Comunidade Autónoma", sinala Feijóo
- ▶ Subliña que se trata dunha estratexia "coordinada", que pasa por converter a xuventude nunha materia transversal de todas as consellerías que forman a Xunta; e "consensuada", xa que o plan se fixo con diálogo, contando cos mozos galegos
- ▶ No eido da educación, a estratexia recolle 37 medidas e un investimento de 8,5 millóns de euros para blindar as bolsas de estudantes universitarios
- ▶ O Plan de xuventude vai da man do Plan de emprego xuvenil, dotado de preto de 100 millóns de euros para 2014-2015, co obxectivo de beneficiar máis de 95.000 mozos; e inclúe medidas específicas destinadas a facilitar a realización de prácticas profesionais en diferentes organismos e departamentos da Administración
- ▶ No eido da creatividade e o espírito emprendedor, o plan recolle 22 medidas, nas que destacan as deducións fiscais como a capitalización de empresas, que reducen un 95% a base imponible do tributo de doazóns e sucesións
- ▶ Os proxectos empresariais no agro contarán cunha liña de axudas para facilitar a incorporación dos mozos á titularidade das explotacións agrarias: un orzamento de 24 millóns de euros para favorecer 1.200 novos agricultores e gandeiros
- ▶ No eido da vivenda, o plan conta con sete medidas distribuídas entre subvencións directas e deducións fiscais
- ▶ A estratexia tamén recolle o fomento de hábitos de vida saudables; programas de educación non formal, mobilidade, participación e voluntariado; o fomento do uso do galego e a mellora das competencias lingüísticas; e medidas en materia de igualdade para previr a violencia de xénero

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2014.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou a aprobación do Plan de xuventude 2014-2016, dotado con máis de 340 millóns de investimento, que beneficiará a 450.000 mozas e mozos e que priorizará a educación e o emprego. "Actualizamos a estratexia para seguir apoiando os mozos, para que os mozos galegos teñan mellor educación, teñan máis posibilidades de emprego, paguen menos impostos e teñan máis oportunidades na Comunidade Autónoma", aseverou durante a rolda de prensa do Consello.

Feijóo referiuse ao plan como unha estratexia para a mocidade galega coordinada e consensuada. "Unha estratexia coordinada que pasa por converter a xuventude nunha materia transversal de todas as consellerías que conforman a Xunta, dando continuidade ao Plan estratéxico que desenvolvemos no período 2010-2013; e unha estratexia consensuada, xa que o plan de actuación para mozas e mozos se fixo coas mozas e cos mozos, a través dun diálogo cos distintos colectivos e cos distintos mozos dos distintos concellos galegos", subliñou.

A educación e o emprego, eidos prioritarios

Ademais de estar dotado con 340 millóns de euros de investimentos, contar con máis de 240 medidas e 11 eixos de actuación, o presidente da Xunta avanzou que "os dous mandamentos que resumen este plan son a educación e o emprego". Así, no eido da educación, avanzou que a estratexia recolle 37 medidas e un investimento de 8,5 millóns de euros para blindar bolsas de estudantes universitarios: 8.800 bolsas de estudantes universitarios financiadas con 8,5 millón de euros.

Así mesmo, este plan de xuventude vai da man do Plan de emprego xuvenil, dotado de preto de 100 millóns de euros para 2014-2015 e co obxectivo de beneficiar máis de 95.000 mozos. E, nesta liña, inclúe medias específicas destinadas a facilitar a realización de prácticas profesionais en diferentes organismos e departamentos da Administración, mediante a concesión de 320 bolsas.

No eido da creatividade e o espírito emprendedor, o plan recolle 22 medidas, nas que destacan as deducións fiscais: por exemplo, capitalización de

empresas, que reducen un 95% a base imponible do tributo de doazóns e sucesións. É dicir "consólidase unha medida iniciada no ano 2013 e que agora decidimos prolongar para todo o que resta de lexislatura", explicou Feijóo, logo de precisar que, nos tres anos da estratexia, está previsto que os mozos galegos aforren por este concepto 7,5 millóns.

Os proxectos empresariais no agro contarán, ademais, cunha liña de axudas para facilitar a incorporación dos mozos á titularidade das explotacións agrarias. Axudas que contarán

cun orzamento de 24 millóns de euros para favorecer 1.200 novos agricultores e gandeiros.

Outras liñas de actuación

No eido da vivenda, Feijóo avanzou que o plan conta cun total de 7 medidas distribuídas entre subvencións directas e deducións fiscais. No tocante ás subvencións directas, o titular da Xunta referiuse fundamentalmente ás adxudicacións prioritarias a menores de 35 anos de vivendas de promoción pública, ás subvencións para a rehabilitación de vivendas e ás axudas ao aluguer.



O presidente da Xunta, na rolda de prensa do Consello

O DOG publica a orde de Iniciativa Xove dotada con máis de 500.000 euros e que financiará os proxectos liderados pola mocidade

Noia (A Coruña), 15 de abril de 2014.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a convocatoria para este ano da orde de axudas "Iniciativa Xove", un programa dotado con máis de 500.000 euros e que ten como obxectivo financiar proxectos presentados e elaborados polos propios mozos e mozas.

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, visitou o Espazo Xove de Noia, onde recordou que o período de inscrición para participar nesta iniciativa ábrese mañá, e rematará o próximo 15 de maio. Na súa visita coñeceu tamén as actuacións que leva a cabo a Asociación Vella Escola no marco dos distintos programas da Consellería de Traballo e Benestar.

Poderán presentarse a Iniciativa Xove tanto asociacións xuvenís xa constituídas, como grupos informais de mozos e mozas que decidan unirse para emprender un novo proxecto. Cada un deles optará a un máximo de 4.000 euros.

Terán prioridade aquelas actuacións que se baseen en áreas como o emprendemento e a empregabilidade, a creatividade, as novas tecnoloxías ou a toma

- ▶ Iniciativa Xove subvencionará as propostas que elaboren os propios mozos e mozas, cun orzamento máximo de 4.000 euros para cada unha delas
- ▶ Poderán presentarse tanto asociacións xuvenís, como grupos informais que decidan unirse para emprender unha iniciativa
- ▶ Terán prioridade os proxectos baseados en áreas como o emprendemento e a empregabilidade, a creatividade, as novas tecnoloxías ou a toma de decisións e liderado feminino



O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, visitou o Espazo Xove de Noia

de decisións e liderado feminino, entre outras.

Ata o momento, nas catro primeiras edicións de Iniciativa Xove, financiáronse 718 proxectos nos que participaron preto de 3.600 mozos e mozas.

Con Iniciativa Xove estímulanse, segundo Rodeiro, valores e habilidades "moi importantes" como o "talento e a creatividade, pero tamén a responsabilidade, o traballo en grupo ou a capacidade de liderado".

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140415/AnuncioCA05-070414-0001_gl.pdf



Xuventude e voluntariado

Xuventude pon en funcionamento o novo Consello Galego de Acción Voluntaria que outorga máis peso ás entidades

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica o decreto que regula a modificación deste organismo que, segundo a Lei de acción voluntaria de 2011, ten entre as súas funcións a coordinación e o asesoramento nesta materia
- ▶ O número de asociacións de acción voluntaria medrou un 15 por cento nos últimos anos, ata superar as 860.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2014- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica o decreto que regula o novo Consello Galego de Acción Voluntaria que outorga máis peso ás entidades. A Consellería de Traballo e Benestar, deste xeito, pon en marcha este novo organismo, que xa existía, pero que agora se modifica a súa composición para promover o papel das asociacións, é dicir, o obxectivo deste cambio é dotar de máis representación as entidades do sector, en detrimento da Administración autonómica.

A Lei de acción voluntaria de Galicia de 2011, que foi aprobada por unanimidade polo Parlamento galego, establece que este Consello é o máximo órgano

de participación, coordinación e asesoramento na materia.

As principais funcións céntranse en emitir informes sobre os proxectos do Goberno no eido do voluntariado; asesorar e informar; servir de punto de encontro entre as administracións e as entidades; detectar e analizar as necesidades básicas na materia; velar pola calidade das prestacións; ou propoñer novas actuacións.

Para conseguilo, créase unha vicepresidencia segunda para o representante da confederación con maior número de entidades inscritas no Rexistro de acción voluntaria e créanse dúas novas vogalías para entidades. Deste xeito, os axentes que

traballan neste ámbito contarán cun maior peso no órgano, que ademais pasa a incorporar tamén as universidades.

Con estas modificacións, reafirmase a importancia das estruturas de participación cidadá e consolidase este Consello como máximo órgano de asesoramento en materia de voluntariado. Esta iniciativa insíbese na aposta do Goberno galego por seguir apoiando o voluntariado, que cada vez ten unha maior relevancia na sociedade galega. Proba disto, é que as entidades inscritas no rexistro da Xunta aumentaron nun 15 por cento desde o 2008,

de xeito que agora superan as 860 asociacións. Parelo a este incremento, produciuse tamén un aumento no número de persoas voluntarias inscritas, que superan xa as 36.400.

Ademais deste cambio, a Xunta desenvolve diversas iniciativas relacionadas con este eido como os proxectos de voluntariado nos cárceres; o pasaporte solidario; o acompañamento a persoas con alzhéimer; o voluntariado dixital, nas bibliotecas, ou de carácter ambiental; o intercambio de voluntarios sénior con outros países; ou o Servizo de Voluntariado Xuvenil.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140403/AnuncioCA05-270314-0002_gl.pdf



<http://www.voluntariadogalego.org/web/>

Directorio	Novas	Axenda	Formación	A súa experiencia	Levantación	Asesoramento	Mapa Web
Entidades	Faite voluntario	Plans e programas	Subvencións	Punto de encontro	Rexistro entidades	Ligazóns	Contacto

Acceso Entidades (Nova ventá)

ORDE DE AXUDAS PROGRAMA VOLUNTARIADO XUVENIL 2013

PUNTO DE

Novas

(25-06-2013)

VOLUNTARIADO AMBIENTAL PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS 2013

VOLUNTARIADO AMBIENTAL

XUNTA DE GALICIA

Axenda Voluntariado

03 Xul 2013

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

VOLUNTARIADO AMBIENTAL

Parada de Servizo: 905 900 800
www.voluntariadogalego.org

VOLUNTARIADO AMBIENTAL

Publicacións

Catálogo de publicacións na web

Últimas novidades:



BITEB. Boletín Informativo de Trabajo e Benestar abril 2014, nº 95

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña a publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

▶ Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB_nx_95_Abril_2014.pdf



Guía RSE para o sector conserveiro de peixes e mariscos: introdución aos conceptos de responsabilidade social empresarial e as súas ferramentas

Guía dirixida ás pemes galegas, para axudalas a iniciarse nos criterios de responsabilidade social empresarial (RSE) e ofrecerlles información sobre ferramentas para introducir un comportamento responsable e comunicalo aos seus grupos de interese.

▶ Acceso galego:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/GuiaRSEConserva_GALL-PUBLICAR.pdf

▶ Acceso castelán:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/GuiaRSEConserva_CAST.pdf



Prevención de riesgos laborales: curso de capacitación para o desempeño de nivel básico

Material de autoaprendizaxe deseñado polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene para ser empregado como curso a distancia por organizacións empresariais ou sindicais, mutuas ou outras entidades interesadas neste tipo de formación. Axudan as empresas españolas, especialmente as pequenas e medianas, a cubrir a formación dos traballadores que deben desempeñar funcións preventivas de nivel básico.

▶ Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Prevencion_riscos_laborais_curso_de_capacitacion.pdf

Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- | | | |
|---|--|---|
| ▶ BITEB, nº95 abril 2014 | músculo-esqueléticos: perceberos a pie | ▶ Benestar en Balnearios |
| ▶ Piedra. Prevención de riesgos en la pizarra. Os Mellora do Issga. Mellora | ▶ ISSGA. Prevención dos trastornos músculo-esqueléticos: perceberos a pé | ▶ Acción de Verán 2014: campos de traballo dos 18 aos 30 anos |
| ▶ Estudio epidemiológico: rederas y perceberos a pie | ▶ ISSGA. Prevención de los trastornos músculo-esqueléticos: rederas | ▶ Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade |
| ▶ Estudio epidemiológico: redeiras e perceberos a pé | ▶ ISSGA. Prevención dos trastornos músculo-esqueléticos: redeiras | ▶ Xuventude Crea 2014 |
| ▶ ISSGA. Prevención de los trastornos | ▶ Carné Xove | ▶ Mapa de riscos químicos. Sector industrial |

DOG

• Orde do 21 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas en réxime de concurrencia competitiva ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais con especialización en drogodependencias da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 63, do 01.04.2014).

• Orde do 21 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concurrencia competitiva, ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter sociosanitario. (DOG nº 63, do 01.04.2014).

• Orde do 27 de marzo de 2014 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. (DOG nº 64, do 02.04.2014).

• Decreto 38/2014, do 20 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Acción Voluntaria. (DOG nº 65, do 03.04.2014).

• Decreto 40/2014, do 20 de marzo, polo que se crea a Axencia Galega de Servizos Sociais e se aproban os seus estatutos. (DOG nº 66, do 04.04.2014).

